



XUNTA DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A ASOCIACIÓN "A ESPERANZA DO VAL MIÑOR" PARA POSIBILITAR O USO DO SERVIZO DE COMEDOR DO ALUMNADO DISCAPACITADO NO CENTRO DE EDUCACIÓN ESPECIAL JUAN MARÍA, RADICADO EN NIGRÁN, PROVINCIA DE PONTEVEDRA.

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, D. Román Rodríguez González actuando no nome e representación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra, D. José Santoro Pumarega que actúa no nome e representación da entidade Asociación "A Esperanza do Val Miñor", na súa calidade de presidente da mesma, nomeado como tal na reunión da xunta directiva que tivo lugar o día 16 de novembro de 2012.

EXPOÑEN

I.- Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é o departamento autonómico que ten atribuídas as competencias en materia de xestión, control e coordinación do comedor escolar na Comunidade Autónoma de Galicia, e exerceas coa finalidade de garantir o dereito de acceso ao ensino de todos os escolares galegos.

II.- Que dentro do colectivo escolar galego existe un conxunto de rapaces e rapazas con distintos tipos de discapacidades que, en virtude de ditame da



XUNTA DE GALICIA


Administración Educativa Autonómica, foron escolarizados en centros privados concertados. Este alumnado, escolarizado por esixencias educativas en centros privados concertados, necesita para asegurar a súa efectiva escolarización, utilizar o servizo de comedor escolar, precisando para o efecto contar cunha atención específica e personalizada de acordo coas súas necesidades particulares.

III.- Que a Asociación "A Esperanza do Val Miñor", é unha entidade sen ánimo de lucro, que ten como fin estatutario a defensa dos intereses das persoas discapacitadas, co obxectivo último de acadar a máxima atención social á problemática que presentan, así como lograr a súa propia recuperación, rehabilitación e integración na sociedade, para todo o cal colabora con organismos e entidades relacionados coa problemática das persoas discapacitadas, consciente da necesidade de atención especial e individualizada que requiren estas persoas

IV.- Que ambas as dúas partes están interesadas na mutua colaboración co fin de facilitar a este alumnado os recursos necesarios que lles permitan ser escolarizados, aínda que sufran calquera tipo de incapacidade, xa sexa permanente ou temporal. A problemática habitual de grandes discapacidades require contar con asociacións especializadas e cunha ampla bagaxe de experiencia, que faciliten unha atención persoal e individualizada derivada do coñecemento práctico das limitacións físicas e psíquicas do alumnado e do control dos protocolos de actuación que se deben aplicar nos casos de urxencia suscitados durante o comedor escolar.

Neste senso, convén lembrar o carácter educativo que para este alumnado con distintos tipos de discapacidades ten o comedor escolar, en canto ao aprendizaxe de habilidades que redunden nunha maior autonomía persoal.

De acordo con todo o anterior, e co obxectivo de garantir o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require unha atención específica e





XUNTA DE GALICIA

preferente, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación "A Esperanza do Val Miñor"

ACORDAN

Asinar este convenio de colaboración para posibilitar o uso do comedor escolar de alumnado discapacitado que por esixencias de carácter académico foi escolarizado en centros privados concertados en virtude de ditame da Administración Educativa Galega. Para tal efecto, o dito convenio rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira: Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio a mutua colaboración co fin de posibilitar ao alumnado con distintos tipos de discapacidades referido na memoria de servizos da Asociación "A Esperanza do Val Miñor" que, por esixencias de carácter académico foi escolarizado en centros privados concertados en virtude de ditame da Administración Educativa Galega, a utilización do servizo de comedor escolar e a atención específica e personalizada no mesmo de acordo coas súas necesidades particulares ao longo do vindeiro curso 2016/2017.

Segunda: Compromisos da entidade

Para acadar este obxecto, a Asociación "A Esperanza do Val Miñor" comprométese a facilitar ao alumnado descrito na cláusula primeira deste convenio a utilización do comedor escolar no local existente para o efecto no centro da súa titularidade en Nigrán, Pontevedra (CEE Juan María).



XUNTA DE GALICIA

Así mesmo, a Asociación "A Esperanza do Val Miñor" asume a atención e coidado do alumnado comensal obxecto do convenio, durante o período comprendido entre o seu traslado ao comedor tras o remate das clases matinais e o seu novo traslado ás aulas para as clases vespertinas ou, no seu caso, a súa recollida para seren trasladados ao domicilio familiar.

A Asociación "A Esperanza do Val Miñor" poderá prestar o servizo directamente a través dos seus propios medios ou ben a través de empresas especializadas na prestación do servizo de cátering ou de vixilancia e comprométese a consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 da Lei de subvencións de Galicia.

Ao obxecto de garantir o cumprimento do artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, modificada pola Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección a infancia e á adolescencia a Asociación "A Esperanza do Val Miñor" comprométese a dar debido cumprimento ao mandato legal no sentido de esixir a todo o seu persoal contratado en contacto con menores a oportuna acreditación de non ter sido condenado en sentenza firme por delitos sexuais.

Terceira: Compromisos da Consellería

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria compensará cada trimestre á Asociación "A Esperanza do Val Miñor" polos gastos derivados da colaboración mutua na prestación do servizo de comedor escolar, coa cantidade global que resulte de multiplicar 2,40 € polo número de días da prestación efectiva de comedor e polo número de alumnos/as con discapacidade escolarizados por ditame da Administración Educativa usuarios do servizo neses días ata un máximo de 33 usuarios.



XUNTA DE GALICIA

As necesidades de comedor escolar do alumnado discapacitado resultan de difícil previsión, dado que con carácter xeral a súa maior sensibilidade a problemas de saúde ocasiona situacións de absentismo escolar e cambios na escolarización elevados. Por esta causa, os cambios que durante a vixencia deste convenio se sucedan no número e identidade das persoas usuarias do comedor escolar serán tratados como meros supostos de redistribución do alumnado comensal, sempre e cando os importes económicos derivados destas flutuacións sexan susceptibles de seren compensados dentro da achega máxima establecida nesta mesma cláusula.

Para tal efecto, a consellería reservará para a execución deste convenio de colaboración no vindeiro curso 2016-2017 unha achega económica máxima de 14.018,40 €, que se financiará con cargo á partida orzamentaria 10.10.423A.221.07 dos orzamentos xerais de gastos da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2016 e 2017, dividida nas seguintes anualidades e importes:

Ano 2016: 5.385,60 €

Ano 2017: 8.632,80 €

Ao final de cada trimestre, a Asociación "A Esperanza do Val Miñor" percibirá a suma que corresponda, previa xustificación da execución das actividades de colaboración, obxecto deste convenio. Neste senso, a referida entidade enviará ao Servizo de Recursos Educativos Complementarios da Xefatura Territorial da Pontevedra a relación de usuarios do comedor escolar, precisando os nomes dos comensais e os días de utilización do servizo, a fin de que o citado servizo certifique, co visto e prace do xefe territorial, a realidade destes gastos cos importes parciais e totais que correspondan.



XUNTA DE GALICIA

O convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Cuarta: Exoneración de responsabilidades

A sinatura deste convenio non implica relación laboral ou de natureza similar entre as persoas que vaian desenvolver as accións previstas nel e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Quinta: Vixencia do convenio, denuncia e causas de resolución

O presente convenio de colaboración estenderá a súa vixencia durante o curso escolar 2016/2017, dende o 12 de setembro de 2016 ata o 23 de xuño de 2017 (ámbalas dúas datas inclusivas)

De subsistir as circunstancias que o xustifiquen, as partes asinantes poderán acordar a súa sucesiva prórroga por cursos completos, previo acordo expreso adoptado polas mesmas ao respecto e tras a realización dos trámites administrativos previos que resulten esixibles.

A denuncia do convenio, por calquera das partes, deberá realizarse mediante comunicación escrita e motivada dirixida á comisión de seguimento.

Serán causas de resolución deste convenio:

- A) O remate do prazo previsto para a súa vixencia.
- B) A denuncia formal e motivada de calquera das partes.
- C) O incumprimento das obrigas derivadas deste convenio.
- D) O mutuo acordo entre as partes asinantes do convenio.





XUNTA DE GALICIA

De ser o caso, a Consellería esixirá, de non mediar causa que xustifique a resolución do convenio pola outra parte, o reintegro total ou parcial das cantidades en concepto de bolsas de comedor indebidamente achegadas, e mais os correspondentes xuros.

Sexta: Comisión de seguimento e interpretación

Para a coordinación, seguimento e interpretación das actuacións derivadas deste convenio, crearase unha comisión mixta integrada por unha persoa representante de cada unha das partes asinantes deste convenio, debidamente nomeada para o efecto.

Sétima: Natureza e xurisdición competente

Este convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e materias sobre as que o mesmo versa, as cales ao abeiro do disposto no artigo 3.1 c) do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, o exclúe do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso- administrativa.

Os asinantes deste convenio, manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais, e mailo resto das especificacións contidas na mesma poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto, de acordo



XUNTA DE GALICIA

co artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno.

Estando conformes co estipulado, asíñase o presente convenio por triplicado exemplar, no lugar e data mencionados ao comezo.

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



Román Rodríguez González

O presidente da Asociación "A Esperanza do Val Miñor"

D. José Santoro Pumarega

